

Viaxe a Toulouse. Gracias a todos.

E Viaxamos a Toulouse!. Ademais de coñecer a cidade de Toulouse, visitamos a preciosa vila medieval de Carcassonne e o parque temático *A cidade do espazo*, dedicado á astronáutica.

Estivemos catro días enteiros en Francia, compartindo autobús, experiencias, festas... cos alumnos e profesores do instituto de Gondomar. Fixemos boas amizades. Unha viaxe inesquecible.

Tras gañar a fase galega do rallye matemático, organizada pola asociación de profesores de matemáticas Agapema, iamos para participar na fase internacional do XVIII rallye matemático celebrado o pasado 7 de maio na Universidade Paul Sabatier. Competimos con estudantes de Líbano, Romanía, Andorra, Marrocos, Tunisia, Francia e outros mozos e mozas chegados desde Zaragoza e Barcelona

Tras gañar o premio, recibimos a subvención de Agapema, e o apoio económico do Concello de Redondela, Caixanova, a ANPA Penisal do instituto e a Comunidade de Montes “Montes en man común” de Chapela. Gracias a todos eles puidemos ir a Toulouse.